

Terra

nunca

máis

Editorial

Por un mar de vida

Máis de medio ano despois do accidente do “Prestige, o noso litoral, o noso mar, continúa ferido, sobre todo na Costa da Morte. Os gobernos de Aznar e de Fraga, como fixeron desde o comezo, tentan ocultar a crise provocada polas mareas negras do Prestige e facernos crer que xa todo pasou. Mais non nos enganar. Coñecemos ben a nosa natureza e sabemos dos enormes danos ambientais causados polo chapapote e, tamén, pola realización inadecuada, ambientalmente irresponsábel, das tarefas de recolla do fuel: destrución de dunas, apertura indiscriminada de pistas en tramos de costa ben conservados,... Non somos ignorantes e sabemos que a recuperación ambiental despois das mareas negra é lenta e difícil.

A catástrofe do Prestige non só é o resultado da incompetencia dos gobernos ou da discriminación da nosa terra. Na súa orixe está un modelo enerxético e de transporte fortemente dependente do petróleo que, alén de moitos outros importantes prexuízos ecolóxicos e sociais, fai practicamente inevitábel as mareas negras. O neoliberalismo, co seu debilitamento dos servizos públicos dos estados e o seu culto ao lucro empresarial

sen límites, tamén favorece crises como a do Prestige.

As organizacións ambientalistas achamos que da catástrofe do Prestige debemos tirar a lección de que o desenvolvemento sustentábel é o único viábel e desexábel. A solución non son “plans” como o Plan Galicia, unha nova marea destructora do noso medio ambiente, esta vez de asfalto, formigón e cemento.

Os ecoloxistas galegos non esquecemos as outras “mareas negras” que estragan a nosa terra: incendios forestais, eucaliptización, presas en tramos de ríos aínda ben conservados, parques eólicos e canteiras en moitos dos nosos mellores espacios naturais, recheos, sobrepesca, tratamento inadecuado e produción crecente de residuos, tráfico excesivo nas vilas e cidades, etc, etc. Sen embargo, este ano achamos necesario dedicarmos a celebración do Día Mundial do Ambiente (5 de xuño) a chamarmos a atención sobre algunhas demandas relacionadas coa catástrofe do Prestige.

AFEG e o resto das principais organizacións galegas de defensa ambiental unímonos para esixirmos unha solución inme-

diata e definitiva para o barco afundido, a elaboración dun plano de recuperación ambiental de todos os ecosistemas danados polas mareas negras e pola recolla incorrecta do fuel, a declaración inmediata como espacios naturais de protección especial de todas as zonas litorais propostas para formaren parte da Rede Natura 2000, a ampliación inmediata do Parque Nacional das Illas Atlánticas ás Illas Sisargas e ás Lobeiras, unha regulación axeitada do tráfico marítimo que reduza o risco de novas mareas negras no noso e en todos os mares do planeta, unha nova política enerxética que sitúe a promoción do aforro e da eficiencia enerxética como a primeira das súas prioridades e unha nova política de transportes que potencie os modos ambientalmente menos prexudiciais e socialmente máis xustos: transporte colectivo en tren, autobús e barco, bicicleta, peonal nas cidades e vilas.

Non esquecemos as graves responsabilidades políticas na catástrofe do Prestige e por iso volvemos demandar, por hixiene democrática, o cesamento de tódolos altos cargos dos gobernos central e galego directamente implicados na xestión da crise do Prestige.

Terra

Boletín



Federación Ecoloxista Galega.
Apdo. 949. 15780 Santiago.
Tel.: 981 575 444. • E-mail: feg@jet.es.
<http://web.jet.es/feg>

Subvencionado por:
 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

Coordenación: Xosé Veiras
Colaboraron neste número:

Xosé Luis Baleato, Lucía Méndez, Martiño Nercellas, Tino Quintela e Xosé Veiras.

Deseño, maquetación e impresión: 

DL: C-1738-1998

• Impreso en papel reciclado

¿Cando será a próxima marea negra?

Galicia é o país do mundo máis castigado polas mareas negras. A provocada polo Prestige é a quinta que sufrimos nos últimos 20 anos. Trátase dunha catástrofe sen paliativos. Os prexuízos ecolóxicos, sociais e económicos son gravísimos. Terán que pasar varios anos até que o litoral contaminado se recupere adecuadamente. A extensión de costa afectada foi moi superior á danada por anteriores mareas negras. A Federación Ecoloxista Galega (FEG), xunto con outras organizacións ecoloxistas galegas e estatais, demanda medidas para reducir o risco de novas mareas negras, recuperar a costa danada, extraer o fuel do Prestige, depurar responsabilidades políticas e legais e diminuír a forte dependencia do petróleo de sociedades occidentais como a nosa.



Practicamente toda a costa galega, en maior ou menor medida, resultou afectada polo accidente do Prestige.

Uns 7000 barcos pasan cada ano fronte a Fisterra cargados con mercadorías perigosas. As organizacións ambientalistas galegas temos advertido en numerosas ocasións da ameaza para o litoral galego que representa o intenso tráfico destes barcos. A catástrofe do Prestige non foi só debida a un accidente. É o resultado dun modelo enerxético suicida, dun sistema económico guiado unicamente pola máxima obtención posíbel de beneficios a curto prazo, así como da imprevisión e a incompetencia dos gobernos galego e central.

O accidente do Prestige revelou de forma dramática que as Administracións —en particular, o Ministerio de Fomento, pero tamén o Ministerio e a Consellería de Medio Ambiente— non tiraron as leccións opor-

tunas dos graves accidentes acontecidos no pasado. Non se tomaron as medidas necesarias e posíbeis para acabar coa enorme indefensión da costa do noso país e para estarmos minimamente preparados para facer fronte a unha marea negra. Ignorouse que o litoral galego constitúe no seu conxunto un patrimonio ambiental de enorme valor do que depende unha parte moi importante da nosa economía, do noso benestar.

A FEG, xunto con outras organizacións ecoloxistas galegas e internacionais, censurou a reacción dos Gobernos galego e central perante o accidente do Prestige, caracterizada pola precipitación, a descoordinación, a desorganización, a lentitude, a improvisación, a ocultación de información, os intentos patéticos de minimizar a

gravidade do desastre, etc, por non falar das excursións de Fraga, Cascos, Matas ou Del Álamo mentres o fuel chegaba por primeira vez ás nosas costas.

Ademais de esixirmos accións gobernamentais tendentes á recuperación dos enormes prexuízos ambientais e económicos, temos reclamado medidas de control do tráfico marítimo que reduzan o risco de novas mareas negras, sendo conscientes sen embargo de que, mentres o tráfico marítimo de petróleo sexa tan intenso, o risco, mesmo no mellor dos casos, sempre será considerábel. Para que nunca máis se repitan mareas negras tan graves como as que nos castigaron e se reduzan, o cal tamén é moi importante, os vertidos habituais de petróleo causados polo lavado de sentinas.



A contaminación por petróleo, como resultado de grandes mareas negras e, tamén, de vertidos habituais de petróleo, é un dos problemas máis graves do noso mar.

Entre as propostas defendidas desde a FEG e o conxunto do movemento ecoloxista para evitar novas catástrofes como a do Prestige, salientamos as seguintes:

- **A declaración das costas galegas como Área Marítima Especialmente Sensíbel (AMES).** Galicia cumpre todos os criterios xeográficos, económicos, ecolóxicos e culturais para ser declarada AMES por parte da Organización Marítima Internacional. Esta declaración, para a que o goberno español xa deu os primeiros pasos, de se facer efectiva, diminuíría a vulnerabilidade das nosas costas fronte ao tráfico de mercadorías perigosas.

- **Un réximen de responsabilidade ilimitada para toda a cadea involucrada no transporte de hidrocarburos,** desde o armador ao propietario da carga, incluíndo as aseguradoras e as sociedades de certificación. É chave que todo buque que transporte estas sustancias estea en posesión dun seguro que cubra sen límite a contía

dos danos ocasionados por un accidente, como xa acontece nos EEUU. Estes custos deben incluír non só o impacto directo sobre os ecosistemas senón tamén os custos da súa recuperación. Deste xeito, as empresas involucradas no transporte de hidrocarburos terían un forte incentivo para tomarse en serio en seguridade e os custos das mareas negras non terían que ser asumidos na súa maior parte polas sociedades afectadas.

- **A eliminación das bandeiras de conveniencia, a prohibición dos petroleiros monocasco** en todo o mundo (e non só en Europa, para evitar a súa exportación a países do Sur), o establecemento de **stándares ambientais rigorosos para os barcos** (emisións contaminantes,...) e **condicións de traballo dignas e formación adecuada das tripulacións.**

- **Un plano de continxencia** para facer fronte ás mareas negras, dotado con recursos materiais suficientes. Mesmo que se fixese todo o esforzo posíbel en prevención, non é totalmente evitábel



Para diminuír o risco de novas mareas negras, ademais de mellorar a seguridade do tráfico marítimo, cómpre reducir a nosa excesiva dependencia do petróleo, o que tamén depende de nós.

que acontezan novas mareas negras, maiores ou menores, polo que cómpre prepararse ben para combatelas na medida do posíbel.

- **A ampliación e protección efectiva das áreas mariñas e litorais propostas para formar parte da Rede Natura 2000.** Incorporación da Costa da Morte e doutros tramos litorais de alto valor ecolóxico ao Parque Nacional das Illas Atlánticas para convertelo nun Parque da Costa Atlántica. Estas medidas influirían na mellora da seguridade do tráfico marítimo e dificultarían agresións como as causadas polas tarefas de recolla de fuel en moitos casos.

- **Unha política enerxética baseada no aforro, na eficiencia e no desenvolvemento adecuado das enerxías renovábeis,** como solución última aos impactos ambientais derivados do uso e transporte de combustíbeis fósiles a escala global.

Máis información sobre as posicións da FEG en:

http://web.jet.es/feg/main_prestige.htm

Plan Galicia: unha marea de cemento e asfalto

As organizacións ambientalistas* achan que o Plan Galicia aprobado polo Consello de Ministros promove un modelo de desenvolvemento insostíbel e resulta insuficiente para garantir a recuperación ambiental e socioeconómica das zonas máis afectadas pola marea negra e do conxunto de Galicia. O Plan Galicia representa unha nova marea destructora do medio ambiente galego, neste caso non de fuel senón de cemento, formigón e asfalto. Supón máis dilapidación enerxética e máis contaminación.

Os gobernos central e galego non entenderon a catástrofe do Prestige como unha chamada de atención sobre os efectos sociais e ecolóxicos dunha economía insostíbel e como unha oportunidade para traballar seriamente a prol do medio ambiente, dada a súa relación directa co benestar e coa calidade de vida. O Plano Galicia afonda en políticas ambientalmente destructivas que non priorizan a mellora dos indicadores sociais (saúde, emprego, educación, calidade ambiental, ...).

Lamentamos que o Plano Galicia fose aprobado sen un proceso previo de diálogo e participación social, aberto ás propostas das organizacións cidadás. Deste xeito, pónense de manifesto, unha vez máis, o autoritarismo e a arrogancia gobernantais.

A parte máis importante do investimento prometido no Plano Galicia destínase á construción de novas autovías que provocarán graves danos ao medio natural e fomentarán aínda máis o transporte por estrada. Resulta paradoxal que a marea negra do Prestige sexa a causa dun Plano que aposta por un modelo de transporte fortemente dependente do petróleo, modelo que está na orixe das mareas negras e doutros graves prexuízos ambientais.

Os AVEs prometidos no Plano Galicia, se se trata de ferrocarrís de alta veloci-



O 96,7% do investimento prometido no Plan Galicia destinaríase á construción de estradas de alta capacidade, trens de alta velocidade (estricta ou non segundo os casos) e do porto exterior da Coruña (pendente dunha análise de viabilidade). A mitificación e sobredimensionamento das infraestruturas de transportes non garante o desenvolvemento, causa graves impactos ambientais e leva á desatención de necesidades sociais prioritarias (saúde, vivenda, protección ambiental,...).

dade estricta (350 km/h), causarán tamén un elevado impacto ambiental nas zonas que atravesen.

A posíbel construción dun grande porto exterior na Coruña representaría unha nova e inxustificada agresión á costa galega. Semella un sensentido construír un novo porto exterior tan perto do que, malia o seu forte impacto ambiental negativo, está a ser construído na entrada da ría de Ferrol.

O Plano Galicia inclúe o Plano Hidrolóxico de Galicia-Costa, un plano que, en lugar de promover o aforro e a eficiencia no uso da auga e de mellorar a calidade ecolóxica dos ríos galegos, contempla a construción de 24 grandes encoros. Tamén propón un excesivo número de canalizacións, entre elas a proxectada para o río Mero.

En lugar dun Plan centrado nas grandes infraestruturas, sería preferíbel un Plan que promovesese o desenvolvemento

sostíbel e situase a Galicia dentro da chamada sociedade da información. Propomos, entre outras medidas, o estímulo á modernización tecnolóxica e organizativa do tecido productivo de acordo con criterios sostíbeis, a promoción de programas sociais, educativos e económicos que promovan a cultura da sustentabilidade, maiores investimentos en I+D ou o fortalecemento do transporte colectivo, en particular nas áreas metropolitanas.

O Plano Galicia deixa pendente de solución a recuperación do fuel que aínda fica nos tanques do Prestige.

* Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), Amigos de la Tierra. Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños (CEMMA), Federación Ecoloxista Galega (FEG), Greenpeace, SEO/Birdlife, Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA), WWF/Adena.

A Federación Ecoloxista Galega e a catástrofe do Prestige

A FEG e as asociacións que a forman reaccionaron axiña perante a catástrofe ecolóxica provocada polo accidente do Prestige. O esforzo en diversas fronte (voluntariado, reivindicativo, informativo,...) ten sido enorme se atendemos aos recursos dispoñíbeis e ten recibido grande apoio e simpatía social en Galicia e no resto de España e de Europa. A FEG actuou en resposta á catástrofe do Prestige dentro do seu ámbito de acción, que non é outro que a coordinación das asociacións que a forman e a súa representación perante a sociedade e as institucións.

A FEG como tal non organizou grupos de voluntarios e voluntarias para a recolla de fuel e de aves e outros animais petroleados na costa. Esta tarefa corresponde ás asociacións integradas na Federación. A FEG colabora na difusión de informacións (contactos, recomendacións,...) que axudan a canalizar adecuadamente o voluntariado. Neste sentido, aceptouse asinar a comezos de decembro dous anuncios na prensa galega e estatal, xunto coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e a Consellería e o Ministerio de Medio Ambiente.



En marzo de 1993, nunha asemblea celebrada en Sada, a FEG (daquela co nome de AGENG) analisou as causas e consecuencias da marea negra do "Aegean Sea" e esixiu unha mellora da seguridade do tráfico marítimo.

O primeiro anuncio recollía consellos aos voluntarios e voluntarias para colaborar adecuadamente na recolla de fuel e o segundo pretendía evitar unha avalancha masiva de persoas nos fráxeis ecosistemas costeiros durante a ponte da Constitución que agravase os danos ambientais causados pola marea negra. Á marxe deste último anuncio, portavoces das Administracións central e autonómica declararon nos días previos que non facían falta máis voluntarios dos xa anotados para a ponte da Constitución. Isto negouse publicamente tanto desde a FEG como desde ADEGA, pois o problema non era que sobrasen voluntarios senón que faltaba organización e medios para que a chegada dos miles de voluntarios precisos fose unha axuda e non un problema máis.

Practicamente soci@s de todas as asociacións que forman a FEG traballaron voluntariamente na recolla de chapapote en praias e coídos da costa afectada e na recolla de exemplares mortos ou vivos de aves, mamíferos ou tartarugas petroleadas. Sen embargo, cómpre destacar especialmente, pola súa duración e intensidade, o labor na organización de grupos de voluntariado desenvolvido por ADEGA, a Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR), o Colectivo Ecoloxista do Salnés (CES), o Colectivo PX (Costa da Morte), a Asociación Ecoloxista do Ribeiro "Coto do Frade", o Grupo Naturalista Hábitat (A Coruña), o colectivo ecoloxista do Morrazo Luita Verde e o



As organizacións ecoloxistas fixeron un esforzo de información para que os voluntarios e voluntarias colaborasen axeitadamente na recolla de fuel e de aves petroleadas, sen risco para a súa saúde.

obradoiro ambiental "Oureol" da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago. Estas e outras organizacións conseguiron mobilizarar até mediados de abril 15.000 persoas en tarefas de voluntariado.

A FEG, desde a súa oficina en Santiago, xogou un papel na coordinación da participación de asociacións galegas integradas ou non na FEG na recolla de aves petroleadas, cuxo traballo ten aportado un importante volume de datos para os informes elaborados por SEO/Birdlife sobre o terríbel impacto das mareas negras do Prestige nas aves mariñas, informes dispoñíbeis na web desta organización (<http://www.seo.org>).

SEGUIMENTO DAS MAREAS NEGRAS

A FEG seguiu a evolución da marea negra desde o primeiro momento a través de varias das asociacións que a integran con presenza en zonas afectadas, en colaboración coa Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños (CEMMA), Erva-Ecoloxistas en Acción Galiza e a Sociedade Galega de Historia Natural. Este operativo permitiunos contrastar informacións enganosas dos gobernos autonómico e central, difundidas xenerosamente por medios de comunicación controlados ou afíns.

Os informes sobre as sucesivas mareas negras elaborados gracias ao devandito operativo foron utilizados na elaboración de notas de prensa. O bloqueo mediático que, desde hai moito tempo, padecen as organizacións ambientalistas galegas nas radios e televisións públicas e en medios de información privados moi influenciados pola Xunta,

impediu que as críticas e demandas divulgadas publicamente pola FEG tivesen maior audiencia.

Información

A FEG atendeu numerosas solicitudes de informacións e de declaracións efectuadas por medios de prensa, radio e televisión de Galicia e, sobre todo, de fóra de Galicia. A título anecdótico, podemos destacar que o nome da FEG apareceu en xornais de todo o mundo, desde o "USA Today" até o xornal abertzale Gara.

Difundimos as nosas notas de prensa e outras noticias relacionadas coa catástrofe do Prestige a través da nosa web (<http://web.jet.es/feg>) e do Canal Verde, un canal de noticias na Internet que xestionamos desde 1999 e que forma parte do xornal electrónico "Galicia Hoxe" de Vieiros (<http://www.vieiros.com>), cuxas visitas se multiplicaron debido á procura de informacións independentes e rigorosas sobre o Prestige.



Numerosas asociacións ambientalistas galegas fixeron un grande esforzo para organizar voluntarios e voluntarias tanto para a recolla do fuel como de animais petroleados.

Foto: Xan Muras - ADEGA

NA PLATAFORMA NUNCA MÁIS

A FEG participou na reunión fundadora da Plataforma Nunca Máis (<http://www.plataformanunca-mais.org>) e propuxo o representante ecoloxista na súa comisión xestora. Ademais da FEG como tal, diversas asociacións integradas na FEG, desde ADEGA a varias asociacións locais, forman parte activa da Plataforma.

A práctica totalidade do movemento ecoloxista galego sumouse á Plataforma Nunca Máis, unha plataforma plural e aberta que ten sabido interpretar e canalizar o sentimento de dignidade colectiva e o compromiso coa defensa dun mar sen máis mareas negras da inmensa maioría da sociedade galega.



O Colectivo Ecoloxista do Salnés editou un número especial do seu boletín "O Bugallo" sobre o Prestige.

A Rede Natura 2000

Practicamente todas as zonas do noso litoral propostas para formaren parte da Rede Natura 2000, os chamados Lugares de Interese Comunitario (LICs), foron afectadas negativamente, en moitos casos de forma moi grave, non só polos efectos dos vertidos, de fuel senón tamén pola realización, sen a menor sensibilidade ambiental, de traballos de recolla do fuel (apertura indiscriminada de pistas, deterioración de dunas,...).

No momento de redactar este artigo, a FEG, cos datos achegados por diversas asociacións federadas e pola Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), está a preparar un extenso informe sobre os danos ambientais nos LICs do litoral que previsibelmente fundamentará a presentación dunha queixa ambiental perante a Comisión Europea, ao entender que as Administracións galega e española non velaron como deberían e poderían ter feito pola conservación dos LICs.

No especial da web da FEG sobre o Prestige

http://web.jet.es/feg/main_prestige.htm

podes achar máis información sobre o traballo da FEG con respecto á catástrofe do Prestige.

Profesores da USC denuncian o impacto ambiental negativo dos traballos de recolla de fuel

A iniciativa da Federación Ecoloxista Galega (FEG), un grupo de profesores e catedráticos dos Departamentos de Botánica, Zooloxía e Ecoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) asinaron un manifesto "Polo respecto aos nosos hábitats costeiros" que denuncia "as numerosas e innecesarias actuacións ambientalmente negativas observadas desde o inicio dos traballos de recolla do fuel vertido polo Prestige". Estas actuacións están a provocar "serios danos ambientais" que non poden ser ignorados ou menosprezados. A continuación reproducíase o texto integro do manifesto, que foi feito público o 1 de febreiro e segue vixente.

A iniciativa da Federación Ecoloxista Galega (FEG), un grupo de profesores e catedráticos dos Departamentos de Botánica, Zooloxía e Ecoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) asinaron un manifesto "Polo respecto aos nosos hábitats costeiros" que denuncia "as numerosas e innecesarias actuacións ambientalmente negativas observadas desde o inicio dos traballos de recolla do fuel vertido polo Prestige". Estas actuacións están a provocar "serios danos ambientais" que non poden ser ignorados ou menosprezados. A continuación reproducíase o texto integro do manifesto, que foi feito público o 1 de febreiro e segue vixente.

Os investigadores que asinamos este documento denunciámos as numerosas e innecesarias actuacións ambientalmente negativas observadas desde o inicio dos traballos de recolla do fuel vertido polo Prestige na costa galega. A realización destes traballos sen unha adecuada planificación que teña en conta a riqueza, diversidade e fragilidade dos hábitats costeiros, especialmente das dunas, está a provocar serios danos ambientais que se suman aos ocasionados polas mareas negras.

A apertura indiscriminada de pistas, a instalación de balsas ou a circulación incontrolada de maquinaria pesada en zonas de alto valor ecolóxico e paisaxístico, así como a degradación innecesaria das dunas, son danos ambientais importantes a engadir aos producidos directamente pola marea negra. Entre as áreas

máis afectadas figuran a Costa da Morte, Carnota ou a Costa da Vela.

A situación de emerxencia xerada pola catástrofe ecolóxica provocada polo afundimento do Prestige e as mareas negras sucesivas puido nun primeiro momento xustificar algún erro, pero transcorridos máis de dous meses xa se tivo tempo suficiente para pasar da improvisación á planificación adecuada das actuacións. Sen embargo, a situación dista moito aínda de ser a axeitada e, nestes momentos, son principalmente as propias empresas encargadas de prestar apoio e asesoramento técnico á retirada de fuel as que operan segundo o seu parecer, sen ter en contra criterios ambientais.

Non compartimos a opinión de que nalgúns casos é máis conveniente destruír e logo rexenerar. Só aceptaríamos isto cando fosen inviables opcións respectuosas. Mais cóstanos que estas opcións non foron valoradas, e que moitas das actuacións son de difícil rexeneración ou que éstas non van ter lugar, particularmente en canto a novos accesos, pois estanse executando para que fiquen de xeito permanente.

O Parque Nacional das Illas Atlánticas non é o único espazo natural protexido de Galicia que está afectado pola marea negra. Lembramos que na costa galega existen espazos protexidos (entre eles un Parque Natural, 2 Zonas de Especial Protección das Aves, 3 Zonas Ramsar e 14 Lugares de Interese Comunitario), que xa sufriron o impacto de 5 mareas negras consecutivas e de actua-

cións irrespectuosas nos labores de recolla de fuel.

Esiximos da Administración ambiental galega e española unha actitude consecuente coa conservación dos importantes valores naturais das nosas costas. Demandámoslles que non permitan ningunha agresión innecesaria máis sobre as especies de flora e fauna, os hábitats e a paisaxe. Solicitámoslles que procedan á restauración de tódalas áreas danadas e que promovan accións de información e educación ambiental sobre a importancia e valores das dunas e doutros ecosistemas litorais.

Asinan:

Jesús Aboal Viñas (Profesor do do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Celular). Margarita Basanta Alves (Profesora do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Celular). M^a Regina Carballal Durán (Profesora do Departamento de Botánica). Alejo Carballeira Ocaña (Catedrático do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Celular). José Ángel Fernández Escribano (Profesor do do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Celular). Eugenio Fernández Pulpeiro. (Profesor do Departamento de Zooloxía). M^a Isabel Fraga Vila (Profesora do Departamento de Botánica). Javier Guitián Rivera (Catedrático do Departamento de Botánica). José Mora Bermúdez. (Catedrático do Departamento de Zooloxía). Francisco Novoa Docet (Catedrático do Departamento de Zooloxía). Santiago Ortiz Núñez (Profesor do Departamento de Botánica). José Luis Pérez-Cirera (Catedrático do Departamento de Botánica). Otilia Pujes Ferreira (Profesora do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Celular). Rubén Retuerto Franco (Profesor do do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Celular). Juan Rodríguez Oubiña (Profesor do Departamento de Botánica). Victoriano Urgorri. (Catedrático do Departamento de Zooloxía).

A FEG Participou nun seminario sobre a Rede Natura 2000 en Bruxelas

Unha delegación da Federación Ecoloxista Galega (FEG) participou na Conferencia "Natura 2000", celebrada o 13 de decembro na sede en Bruxelas do Parlamento Europeo. A conferencia foi organizada polo Grupo Verdes-Alianza Libre Europea (ALE) e contou coa participación dun grupo de ambientalistas galegos pertencentes a diversas asociacións e plataformas, gracias á invitación do eurodeputado do Bloque Nacionalista Galego (BNG) Camilo Nogueira.

A FEG presentou un relatorio sobre a designación e conservación das zonas propostas para a Rede Natura 2000 no noso país. Galiza é a comunidade autónoma española con menor porcentaxe do seu territorio designado como Lugar de Interese Comunitario (LICs), debido ao escaso interese da Consellería de Medio Ambiente. O estado de conservación dos LICs galegos, é dicir, das zonas propostas para a Rede Natura 2000, é ben deficiente. Hai un enorme déficit de accións encamiñadas a garantir a conservación e o uso sostible dos recursos naturais nos nosos LICs e moitas políticas públicas (enerxética, forestal, transportes,...) inciden negativamente no seu estado de conservación.

A designación das zonas da Rede Natura 2000 está a sufrir un retraso considerábel a nivel europeo, o que, xunto coa ausencia das medidas de xestión ne-

cesarias, está a prexudicar os hábitats e as especies. As queixas presentadas por vulneración das Directivas Aves e Hábitats destacan polo seu número entre as queixas ambientais remitidas ás institucións europeas desde os diversos estados membros.

O manifesto adoptado na conferencia demanda, entre outras cousas, que o establecemento da Rede Natura 2000 sexa concebido como unha política estrutural e territorial fundamental, a rápida aplicación da avaliación ambiental estratéxica de planos e programas e a axilización por parte da Comisión Europea da tramitación das queixas cidadás por incumprimento das Directivas Aves e Hábitats. O manifesto e outras informacións relacionadas co seminario están dispoñíbeis na web de Verdes-ALE, en

<http://www.greens-efa.org>.

OS RESIDUOS DO PRESTIGE: INCÓGNITA?

A ningunha persoa é alleo o feito de que o verquido do Prestige, máis aló do impacto directo sobre os nosos ecosistemas costeiros, está a crear novos problemas indirectos, entre os que atopamos o de que facer cos residuos?

Un primeiro punto a considerar é o tipo de residuo que temos, a súa composición. Sabemos que é un fuel pesado e as diferentes análises amosaron unha elevada proporción de xofre e tamén a presenza de numerosos compostos orgánicos e metais pesados. Non estamos perante cru ou un combustíbel de automóbil convencional, senón perante un residuo do procesamento do petróleo. A elevada porcentaxe de xofre fai tamén que estea prohibido o seu emprego coma combustíbel dentro da UE.

En segundo lugar, cómpre pensarmos na heteroxeneidade do residuo, xa que temos un residuo líquido (fuel mesturado con auga e recollido no mar) e tamén un sólido (fuel mesturado con area, algas, restos de traxes, botas, mascariñas, lixo deitado no mar...). Isto complica o tratamento.

Tratando ó fuel coma outro Residuo Perigoso (RP), un enfoque dende a sustentabilidade indícanos que a primeira solución lóxica sería a redución, é dicir, acadar que o volume de chapapote recollido diminúa. Neste senso, cómpre mellorar os protocolos de actuación para a recolla do hidrocarburo: reducir a cantidade de area recollida, reutilizar botas, luvas/roupa de augas ou evitar que lixo convencional remate deitado nos contentores específicos para o fuel.

No tocante aos tratamentos barallados, o fuel líquido será separado da auga e reintroducido na cadea de produción da refinaría de Repsol de A Coruña mentres que o residuo sólido está a ser acumulado en balsas, mentres múltiples empresas poxan pola súa xestión. Dentro das alternativas propostas por algunha delas está a da incineración. A FEG rexeita a incineración debido ás implicacións negativas (emisión á atmosfera de substancias perigosas e CO₂ e exaración de cinsas tóxicas) que ten sobre a saúde humana e a dos ecosistemas en xeral.


Todo tratamento ou procesamento do chapapote (ou doutros RP en xeral) non deixa de ser unha solución de "fin de cano". Non podemos agardar que as sucesivas tecnoloxías proporcionen solucións ós problemas que xera un modelo enerxético insustentable, baseado nun combustible fósil, un recurso limitado, como é o petróleo. Cómpre establecer novos modelos que eliminen esta dependencia e as súas funestas consecuencias.

ENTREVISTA COA COMISARIA DO AMBIENTE SOBRE O PRESTIGE

Durante o seminario, a delegación galega e Camilo Nogueira mantiveron unha entrevista sobre o Prestige con Margot Wallström, a comisaria de medio ambiente. ADEGA, CEMMA, FEG, SGHN e WWF/Adena presentaron un escrito á comisaria para lle solicitar que a Comisión adopte unha serie de medidas extraordinarias perante a catástrofe ecolóxica, como a declaración urxente das áreas afectadas propostas como LICs como áreas de Rede Natura "de facto", para protexer a estas áreas de planos e proxectos sen consideración á existencia de hábitats e especies prioritarias na Directiva Hábitats. Deste xeito, estes lugares beneficiaríanse do previsto nos artigos 6.1 e 6.2 en canto ás medidas de conservación e xestión que deben aplicar os estados e da adopción de medidas axeitadas para evitar a deterioración dos hábitats naturais e das especies.

Nunha contestación posterior, a través dunha carta con data do 10 de febreiro, a comisaria indicou ás organizacións ambientalistas que "se ben será preciso efectuar ulteriores consultas cos Estados membros antes de que a Comisión aprobe formalmente a lista de lugares de importancia comunitaria para esta rexión bioxeográfica, ao noso xuízo os obxectivos de Natura 2000 son xa aplicábeis en Galicia".

Despois do fuel, as macropiscifactorías



A Xunta apoia a macropiscifactoría de Pescanova en Cabo Touriñán a pesar do impacto ambiental que causaría nunha zona proposta para a Rede Natura 200.

O 12 de maio, Manuel Fraga anunciou en Muxía a construción dunha macropiscifactoría para o engorde de rodaballo en cabo Touriñán. Fíxoo acompañado do presidente da empresa promotora, Pescanova, e aseguroulle que a Xunta daría todo tipo de facilidades á construción da que sería a maior planta de rodaballo de Europa. As facilidades xa comezaron, pois Pescanova iniciou as obras sen os permisos necesarios, feito denunciado pola Federación Ecoloxista Galega (FEG).

O Servicio de Protección da Natureza da Garda Civil (SEPRONA) paralizou as obras da piscifactoría, iniciadas por Pes-

canova antes de dispor de todos os permisos necesarios. As obras comezaron o 22 de abril, o mesmo día no que chegaba á sede da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) unha carta da Consellería de Medio Ambiente, asinada polo Director Xeral de Conservación da Natureza, Francisco García Bobadilla, na que se aseguraba que o día 20 de marzo de 2003 entrou na Consellería a solicitude de cualificación ambiental para un proxecto de granxa mariña de rodaballo en Cabo Touriñán. Francisco García Bobadilla, compañeiro de don Manuel en xornadas cinexéticas, aseguraba na carta que aínda estaba pendente de se emitir o informe correspondente.


A macropiscifactoría deterioraría unha zona de alto valor ecolóxico, incluída no Lugar de Interese Comunitario (LIC) da Costa da Morte e, xa que logo, proposto para formar parte da Rede Natura 2000. Outras zonas da Costa de Morte de alto interese natural están ameazadas por proxectos de grandes piscifactorías. Unha delas estase a construír no contorno do cabo Vilán.

Lido

A protección do medio ambiente é un ben público e o ten que proveer o Estado. E cando os galegos quixeron protexer ese ben público que necesitaban encontráronse con que non tiñan Estado.(...) E é a consecuencia dunha política necia por partida dobre. A que proxectou sobre todo o que sexa Estado unha especie de estigma de rixidez, torpeza e desbaldimento, e a que alentou a convicción de que co mercado e a xenerosidade de xentes agrupadas en organizacións non estatais pódese facer fronte a todo.

FRANCISCO J. LAPORTA.

Catedrático de Filosofía do Dereito da Universidade Autónoma de Madrid



O domingo 8 de xuño tivo lugar en Malpica unha marcha "En defensa do mar" convocada polas principais organizacións ambientalistas de ámbito galego (ADEGA, CEMMA, FEG, SGEA e SGHN).



A Plataforma cidadá Nunca Máis

(<http://www.plataformanuncamais.org>) edita un xornal mensual con reportaxes, noticias e artigos de opinión sobre o Prestige. Un xornal necesario que podemos comprar nos quioscos.

A FEG defende a Axenda Local 21 e a Rede Natura 2000

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) celebrou a súa asemblea anual o 29 de marzo en Ribadavia. A asemblea, organizada pola asociación ecoloxista do Ribeiro "Coto do Frade", aprobou o programa de traballo para os próximos dous anos. A FEG impulsará o seu labor en defensa dos espazos naturais propostos para a Rede Natura 2000 e de promoción das Axendas 21 locais.

A FEG considera que a Axenda 21 Local (A21) é un instrumento básico para promover o desenvolvemento sostíbel a nivel local, polo que desde hai 3 anos está contribuíndo á súa difusión no noso país. A xuízo da FEG, un proceso de A21L, para ser sostíbel, ten que fomentar unha participación social intensa e introducir criterios sostíbeis en todas as políticas municipais, pois a A21L non só é cousa das Concellerías de Medio Ambiente. A FEG demanda á Xunta, ás Deputacións e á FEGAMP a adopción dun ambicioso programa de apoio á A21L.

A Rede Natura 2000, a futura rede de espazos naturais protexidos da UE, é unha oportunidade para compatibilizar a conservación dos espazos naturais máis valiosos coa mellora do benestar das per-

soas que viven neles. A FEG solicita a ampliación da proposta galega de espazos propostos para a Rede Natura 2000 e un compromiso moito maior da Concellería de Medio Ambiente coa protección dos lugares susceptíbeis de formaren parte da Rede Natura 2000. A maioría das zonas litorais propostas para a Rede Natura 2000 resultaron prexudicadas pola marea negra do Prestige e pola recolla ambientalmente inadecuada do fuel, polo que cómpre adoptar medidas de restauración inmediatas.

A asemblea aprobou resolucións contrarias ao proxecto de vía rápida do Morrazo, por atentar irreversiblemente contra o patrimonio natural, cultural e social da comarca do Morrazo e fomentar aínda máis a utilización do automóbil privado, á ampliación do paseo marítimo da Coruña

polo monte de San Pedro-San Roque e á realización da concentración parcelaria nas veigas de Rairiz, o derradeira zona de alto valor ecolóxico que resta na comarca ourensá da Limia. Asemade, demandou a adopción por parte dos gobernos español e galego de estratexias eficaces de loita contra o cambio climático e valorou moi negativamente a decisión de ENDESA de ampliar o ciclo de vida da central térmica de carbón de As Pontes ata o ano 2023.

As asociacións ecoloxistas do interior do país puxeron de relevo as outras "mareas negras" que estragan o noso ambiente: incendios, encoros, canteiras, parques eólicos en espazos naturais,....

Problemas ambientais que, sen merma da atención que merece a catástrofe do Prestige, non deben ser esquecidos.

A asemblea elixiu unha comisión permanente formada por Xosé Luís Baleato (coordinador xeral), Xosé Veiras (secretario), Mada Meléndrez (tesoureira), Martiño Nercellas (responsábel de biodiversidade), Tino Quintela (responsábel de residuos), Alexandre Cendón, Camilo Ojea, Mariana Roura e Francis Oliver.

Coto do Frade

Os asistentes á asemblea da FEG puideron coñecer o importante traballo desenvolvido por Coto do Frade durante os últimos anos na comarca do Ribeiro, especialmente en defensa dos ríos. O traballo de Coto do Frade durante o último ano fica recollido no número 4 do seu anuario. Entre os temas tratados no anuario figuran a denuncia do peche do Punto Limpo do Ribeiro máis dun ano despois da súa inauguración (na véspera das pasadas eleccións autonómicas, a destrución de Pena Corneira, a artificialización do río Avia ao seu paso por Ribadavia como consecuencia da construción dun paseo fluvial, a ineficacia da escala-ascensor para o paso de peixes instalada no encoro de Frieira (río Miño), os incendios forestais ou a destrución da alameda de Ribadavia para construír un parking no centro da vila.

Todos os asistentes loubaron a excelente organización da asemblea anual da FEG por parte dos compañeiros de Coto do Frade, unha das asociacións con maior implantación social do interior de Galicia





A defensa reiterada do concepto de “guerra preventiva” pola Administración Bush supón novos perigos para a paz e a seguridade do mundo.

Non á Guerra!

A Coordinadora Galega pola Paz, formada por numerosas organizacións da sociedade civil (partidos políticos da oposición, sindicatos, ONGs, asociacións profesionais, estudantís, da mocidade, ecoloxistas, pacifistas, humanitarias, de crentes, fundacións...), entre elas a Federación Ecoloxista Galega (FEG), convocou as multitudinarias mobilizacións pola paz que tiveron lugar no noso país os días 15 de febreiro, 15 de marzo e 6 de abril. Entre os prexuízos da guerra non deben esquecerse os ambientais, que incrementan o sufrimento do pobo iraquí ao afectar ás súas condicións de vida. Ao remate dos peores combates da guerra en Irak, a Coordinadora fixo público un manifesto que reproducimos.

1º.- O remate das accións militares e dos combates máis cruentos non significa, realmente, que chegara a paz para o pobo iraquí. Non podemos nin debemos confundir a paz coa victoria, nin tampouco a paz coa ocupación territorial, porque a paz non é, como sabemos, ausencia de guerra, senón que está directamente relacionada coa xustiza, coa seguridade, coa orde, e co cumprimento escrupuloso dos dereitos humanos, marco imprescindible para iniciar a reconstrución do destruído –ilegal e inxustamente– como consecuencia dunha intervención realizada unilateralmente e á marxe das Nacións Unidas e do Consello de Seguridade e que provocou, miles de vítimas, mortos, feridos e desprazados, así como enormes destrozos nas infraestruturas e ambientais.

2º.- Tódalas iniciativas promovidas posteriormente polas potencias ocupantes, incluído o Estado Español, carecen de lexitimidade e non contan co aval da comunidade internacional. Estas iniciativas (nomeamento dun auténtico virreinato en Bagdad, establecemento dunha especie de novo protectorado, formación dun goberno interino, exclusións políticas, reparto colonial da administración do territorio entre as forzas de ocupación, inspección á marxe dos inspectores da ONU, detencións...) foron denunciadas publicamente polas Nacións Unidas.

3º.- As prioridades das forzas ocupantes, os seus excesos, a desproporcionada resposta diante de manifestacións pacíficas... puideron contemplarse inequivocamente en todo o mundo gracias ao extraordinario labor dos medios de comunicación independentes e de persoas como Julio Anguita Parrado e o galego Xosé Couso.

4º.- Coa mesma firmeza temos que denunciar a manipulación dos medios oficiais estatais e autonómicos en relación co tratamento dado á guerra e á posguerra de Iraq (...).

5º.- Agradecemos e valoramos positivamente a actitude decidida, democrática e cívica, das forzas da cultura, no conxunto do Estado e en Galicia, que foron quen de contribuír, coas súas accións, a xerar un clima participativo no que a cidadanía tivo a oportunidade de expresarse unanimemente pola paz e contra a guerra en numerosas ocasións. Esta resposta global, planetaria, da sociedade civil, foi, sen dúbida, un elemento relevante e novidoso nesta crise, un aspecto que indica claramente a emerxencia dun movemento multitudinario que non acepta que o novo marco de solución dos conflitos internacionais veña imposto pola forza militar hexemónica dos EE.UU. (...).

6º.- Felicítamonos pola caída da dictadura persoal de Saddam Hussein e deploramos o custo que tivo (...). Reiteramos que as causas da guerra non foron nin a liberación de Iraq, nin as armas de destrución masiva, nin as relacións co terrorismo internacional nin atallar a ameaza que supuña o dictador para a paz e a seguridade mundial, senón a afirmación do poder imperial dos EE.UU no mundo, o control xeoestratéxico do territorio e da rexión, das súas riquezas, o reforzamento das posicións de Sharon no conflito israelí palestino, o debilitamento e a división da UE, de Nacións Unidas, do Consello de Seguridade e do mundo árabe e musulmán, aspectos todos eles, hoxe máis evidentes que nunca para tódalas persoas de ben. As novas ameazas contra os países veciños (Siria e Irán),

a insistencia na idea de que a guerra continúa aínda que os combates remataran, ou a defensa reiterada do concepto de “guerra preventiva” pola Administración Bush supoñen novos perigos para a paz e a seguridade, así como unha nova vulneración da legalidade internacional.

7º.- Confiamos plenamente en que a cidadanía galega saiba interpretar con rigor os acontecementos dramáticos que vivimos, a actitude subordinada e submisiva dos nosos gobernantes ós intereses da administración Bush, (...).

8º.- Por último, a Coordinadora Galega pola Paz, quere resaltar a unidade acadada no seu seo entre tan distintas expresións da sociedade civil, o pluralismo, o recoñecemento da diferenza, a resposta multitudinaria da cidadanía galega como protagonista fundamental dunha democracia participativa emerxente, cívica e pacífica, así como a vontade de continuar promovendo iniciativas diversas, de reflexión e mobilización, contra a guerra e a violencia, contra o terrorismo, e pola solución xusta e pacífica dos conflitos.

Anxo Moure agredido por defender o desarme

O compañeiro de XEVALE Anxo Moure foi brutalmente agredido e detido pola policía e a garda civil o 22 de maio en Chantada por amosar, durante unha visita de Manuel Fraga, un cartel co lema “Adeus ás armas”. Anxo estaba a escenificar unha adaptación do conto dos tres porquiños (por iso levaba unha careta de porco) e en ningún momento actuou de xeito violento ou insultante. A FEG condenou a intervención policial e rexeitou o que considera unha limitación inaceptábel do dereito á liberdade de expresión.

Mal comezo do novo conselleiro do ambiente



Xosé Manuel Barreiro, novo conselleiro de medio ambiente, non puido dispor nin de media hora para se entrevistar coa FEG mais si puido achar tempo para participar en numerosos actos electorais do PP de Galicia, do que é vicesecretario xeral.

Axuízo da FEG, o novo conselleiro de medio ambiente, Xosé Manuel Barreiro, non está a mostrar un compromiso forte coa defensa ambiental e co desenvolvemento sostíbel nin a apostar seriamente polo diálogo e pola participación social. A Consellería de Medio Ambiente non parece que vaia deixar de ocupar un lugar marxinal na Xunta para, máis alá da retórica, implicarse na introducción de criterios de sostibilidade en todas as políticas da Xunta. Nin tan sequera semella disposta a facelo en todas as promovidas pola propia Consellería.

A FEG lamentou que nos seus 100 primeiros días de goberno, o conselleiro non tivese dedicado nin media hora para atender a solicitude de entrevista da FEG. Os contactos entre a FEG e Xosé Manuel Barreiro, limitáronse a unha reunión de presentación, sen orde do día e cunha evidente finalidade mediática, na que participaron diferentes organizacións ambientalistas inscritas no Rexistro da Consellería de Medio Ambiente.

A FEG presentou a Xosé Manuel Barreiro, no inicio do seu mandato, 6 demandas concretas e urxentes a realizar nos 100 primeiros días. O conselleiro

non atendeu ningunha destas demandas. No que se refire á primeira, a FEG non ten coñecemento das actuacións realizadas ou planificadas pola Consellería.

Estas foron as demandas presentadas pola FEG:

1. Rexeneración ambiental dos espazos naturais propostos para a Rede Natura 2000 afectados negativamente polos vertidos de fuel do Prestige e pola realización ambientalmente inapropiada de tarefas de recolla do fuel.

2. Reforma do Consello Galego de Medio Ambiente para convertelo nun órgano de participación social plural, representativo e activo, de acordo coa proposta presentada conxuntamente polas organizacións ambientalistas FEG, Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) e polos sindicatos CCOO, CIG e UGT.

3. Apertura dun proceso de diálogo e negociación para a consecución, antes do final deste ano, dun amplo Pacto social en defensa dos montes galegos e contra os incendios forestais.

4. Aprobación dunha orde que exclúa todas as zonas propostas para a Rede Natura 2000 como zonas aptas para a ins-

talación de parques eólicos, de aproveitamentos hidroeléctricos e de canteiras.

5. Paralización inmediata do actual proxecto de canalización do río Mero, atendendo ás demandas da Plataforma Río Mero Natural.

6. Establecemento dunha liña de axudas aos Concellos para o financiamento de planos de compostaxe da fracción orgánica do lixo.

Del Álamo, presidente do Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas

O ex-conselleiro de Medio Ambiente, Carlos del Álamo, vítima da súa penosa intervención na crise do Prestige (coherente con toda a súa traxectoria política) foi cesado como conselleiro e nomeado presidente do Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas. É un sarcasmo que Del Álamo, que non soubo defender o Parque Nacional fronte ás mareas negras e procurou que o Parque tivese a menor superficie posíbel, fose premiado con este nomeamento.

O labor de Carlos del Álamo á fronte da Consellería de Medio Ambiente foi avaliado negativamente pola FEG e pola práctica totalidade dos ambientalistas galegos.

Pola democratización dos medios de información públicos


A Constitución Española e o Estatuto da Radio e a Televisión obrigan ás radiotelevisións públicas a respectaren o pluralismo, a obxectividade, a veracidade e a imparcialidade nas informacións diferenciándoas das opinións.

Os xornalistas que integran os comités de empresa e delegados de persoal de CRTVG, TVG, RG, TVE-G e RNE-G denunciaron a través dun comunicado que estes medios "incumpren, nalgúns casos de xeito escandaloso, os obxectivos de servizo público". Poñen como exemplos situacións críticas que teñen sido ou son obxecto de atención preferente das organizacións ecoloxistas, como a catástrofe do Prestige ou os incendios forestais. Os medios públicos galegos "non son coherentes coas leis que regulan o seu funcionamento nin cos principios básicos que definen as súas programacións; non se caracterizan polo pluralismo, a veracidade e a imparcialidade nin moito menos pola súa independencia do poder político".

O comunicado sinala que "a meirande parte dos e das profesionais dos medios

públicos rexeita esta situación e identifícase coa defensa dun modelo de radiotelevisión pública democrática e plural. Pero dende o "poder" utilízanse eficaces mecanismos para neutralizar a contestación interna: a precariedade laboral crecente, a promoción aos postos de responsabilidade non en base a méritos profesionais senón polo servilismo e a obediencia cega, o silenciamento dos profesionais menos dóciles e a elaboración de boa parte da "liña informativa" por persoas alleas ás redaccións ("tertulianos", guionistas, editores, asesores...) seleccionadas de forma discrecional pola súa incondicional adhesión (compensada con suculentas retribucións)".

Os profesionais fan un chamamento á sociedade civil para que esixa "o escrupuloso cumprimento dos obxectivos legalmente establecidos para os medios públicos, reclamando a súa participación ao máis alto nivel e dotándose, se é necesario, de novos instrumentos que garantan o control social, e non só político, dos medios de comunicación que lexitimamente lle pertencen".



Canal Verde

Na FEG entendemos que a información é algo demasiado importante como para deixalo só en mans das empresas xornalísticas, particularmente nun país como Galicia no que o respecto ao pluralismo, o rigor no tratamento dos temas ambientais e a independencia dos medios informativos deixan tanto que desexar.

Unha das nosas contribucións á información é o Canal Verde, un canal de noticias ambientais na Internet xestionado pola FEG desde outubro de 1999 que forma parte do xornal electrónico "Galicia Hoxe" de Vieiros

(<http://www.vieiros.com>).

ENDESA e UNIÓN FENOSA polo cambio climático

Segundo un estudio de Pricewaterhouse Coopers (PwC) ao que Greenpeace tivo acceso, ENDESA é a cuarta empresa eléctrica de Europa que máis contribúe ao cambio climático, ao emitir uns 73 millóns de toneladas de CO₂ anuais. UNIÓN FENOSA é a segunda empresa española con maiores emisións de CO₂ (con máis de 14,5 millóns de toneladas de CO₂ anuais), situándose entre as 20 empresas europeas de xeración de electricidade máis contaminantes.

As emisións de CO₂ no sector eléctrico prodúcense ao queimar combustíbeis fósiles (carbón, petróleo, gas natural) en centrais térmicas. O combustíbel que causa maiores emisións de CO₂ é o carbón. A pesar disto, ENDESA e UNIÓN FENOSA seguen apostando polo carbón. ENDESA decidiu recentemente prolongar a vida da central térmica de As Pontes até o ano 2023, adaptándoa para queimar só carbón de importación, con menores emisións de gases causantes de chuvia ácida (problema diferente ao do cambio climático). A das Pontes é a maior central térmica española mais podería dei-

xar de selo se ENDESA consegue ampliar a súa central térmica de carbón de Carboneras (Almería). Ademais de continuar a explotar a central de carbón, ENDESA pretende construír unha nova central térmica de ciclo combinado a gas natural nas Pontes.

UNIÓN FENOSA explota no noso país a central térmica de carbón de Meirama (Cereda) e a de fuel de Sabón (Arteixo). Ao igual que ENDESA, decidiu prolongar a vida da central térmica de Meirama máis alá do esgotamento da mina de lignito situada ao seu pé. Ademais, vai construír unha nova central térmica de ciclo combinado a gas natural en Sabón.

As emisións españolas de gases de efecto invernadoiro están hoxe 24 puntos por riba dos límites acordados para o Estado español na UE para cumprir o Protocolo de Quioto. A aposta das eléctricas polo carbón e a débil promoción do aforro enerxético son, xunto co crecemento do transporte por estrada, as maiores dificultades para que España cumpra o Protocolo de Quioto.

Ecobreves

♣ **A Plataforma Río Mero Natural**, que se opón ao proxecto de **canalización do río Mero**, augas abaixo do encoro de Cecebre, dispón dunha nova e atractiva web na que ofrecen información sobre o seu traballo e o proxecto do Ministerio e a Consellería de Medio Ambiente que destruíría o río. O enderezo é:

<http://www.riomero.org>.

♣ Prosegue a campaña internacional en defensa dos ríos galegos **"Sobran wátios, faltan ríos vivos, sobran presas"**, na que participa a FEG. Na web da campaña, <http://www.rios-vivos.org>, xestionada pola **Asociación para a Defensa dos Ríos "Cachoeira"**, acharás suxestións para colaborares con esta campaña que procura a revisión do Plano Hidrolóxico e do Plano Sectorial Hidroeléctrico de Galiza-Costa.


♣ **A Coordinadora Galega para a Defensa dos Ríos (COGADER)** convocou o 26 de abril un rafting e roteiro a pé polo río Ulla para protestar unha vez máis polos danos ambientais que causaría o proxecto de Unión FENOSA para o aproveitamento hidroeléctrico do río.

♣ **ADEGA - A Coruña e o Grupo Naturalista Hábitat**, co apoio da FEG, SGHN e SGEA, promoven unha campaña **contra a ampliación do paseo marítimo da Coruña**, xa que destruíría o litoral do Monte de San Pedro, unha zona de interese natural local. Unha das poucas oportunidades de ter a natureza a un paso da cidade herculina agora pasará a ser un "paseo" aberto ó tráfico motorizado por desexo de Francisco Vázquez.

Máis información en:

<http://www.adegagaliza.org/corunha/index.html>.

♣ **A Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR)** cualificou como victoria histórica a **condena de Celulosas-ELNOSA** por delicto ecolóxi-



A FEG editou un folleto-cartel con suxestións para reducir a produción de residuos no traballo, na compra, no fogar, no lecer e nas viaxes. O fomento da redución debe ser a primeira prioridade das políticas de residuos, antes cá reciclaxe e a compostaxe. O residuo que menos contamina é o que non se produce. Como consumidores e traballadores podemos contribuír á redución da xeración de lixo. O xeito máis doado de reducir a cantidade de residuos que producimos é consumindo de xeito consciente.

co. Esta sentenza incrementa a credibilidade da APDR e abre novas vías de loita contra un complexo industrial que ten causado graves prexuízos á ría de Pontevedra e á saúde das xentes de Pontevedra e comarca.

Inaugurada a planta de compostaxe de Lousame

A FEG felicitou aos Concellos integrados na Mancomunidad da Serra do Barbanza, que inauguraron o 5 de abril o seu complexo de tratamento de residuos urbanos (RU) de Lousame, por teren optado seriamente pola reciclaxe e a compostaxe. A FEG solicita ao Concello de Santiago que siga o mesmo camiño e lamenta o escaso compromiso coa reciclaxe amosado até agora polo alcalde e polo grupo municipal do PSdG-PSOE.

A inauguración do "Complexo medioambiental de tratamento de residuos urbanos e asimilables" de Lousame, que dará servizo ós concellos de Brión, Lousame, Muros, Noia e Porto do Son, é unha excelente noticia para o medio ambiente de Galicia. A pesar das enormes presións que a Administración autonómica exerce sobre os Concellos que

optan por alternativas ao sistema de SOGAMA SA, baseado na incineración, a compostaxe e a reciclaxe seguen avanzando, tamén en Galicia.

Os concellos da Mancomunidad do Barbanza, xunto co de A Coruña, os do Consorcio das Mariñas (que agrupa a nove concellos da área metropolitana da

Coruña) e o da Illa de Arousa, teñen claro que un modelo de xestión do lixo que aposte fortemente pola reciclaxe intensiva e non meramente simbólica, non só é claramente preferible dende a óptica da sustentabilidade ecolóxica, senón tamén tendo en conta os custos económicos para a cidadanía.

Santiago e a compostaxe

O concelleiro de medio ambiente de Santiago, Néstor Rego (BNG), é partidario de que a cidade compostelá trate o seu lixo na planta de Lousame. Sen embargo, o alcalde, Xosé Sánchez Bugallo (PSdG-PSOE), segue sen amosar un compromiso claro e inequívoco coa compostaxe, probablemente temeroso de contrariar ao presidente da Xunta.

A actitude pouco ambientalista do PSdG-PSOE de Santiago no que se refire á xestión do lixo, contrasta coa máis positiva do mesmo partido na Coruña, en Lugo e noutros moitos municipios galegos e españois. Sería clarificador que o PSdG-PSOE e os partidos progresistas galegos en xeral, unificasen internamente a súa posición sobre a xestión dos residuos, pois varía demasiado segundo o municipio e as circunstancias.

Empresa galega ameaza Reserva da Biosfera en Guinea Bissau

Unha coalición internacional de organizacións, entre as que se acha a Federación Ecoloxista Galega (FEG), oponse a unha instalación para o desguace de barcos nunha Reserva da Biosfera da UNESCO de grande interese natural en Guinea Bissau. En outubro de 2002, Darío Amor, presidente da empresa galega "DDY comercio exterior SA", e Fernando Correia, Ministro de Industria de Guinea Bissau, asinaron na Coruña un protocolo de intencións que contempla unha instalación para o desguace de barcos no corazón da Reserva da Biosfera do Arquipélago de Bijagos.

"Un desguace de barcos porá en perigo a saúde e o medio ambiente da poboación local", declarou Marietta Harjono, responsábel da campaña de tóxicos de Greenpeace internacional. Instalacións similares na India, Pakistán e outros países empobrecidos están a causar problemas ambientais serios, xa que os bar-

cos conteñen residuos perigosos e os controis administrativos son insuficientes.

Segundo o devandito acordo, o desguace de barcos situaríase na illa de Bolama, no arquipélago de Bijagos. Este arquipélago foi clasificado pola UNESCO como Reserva da Biosfera en 1993. Posúe unha alta diversidade biolóxica, que inclúe hipopótamos, lontras, seis especies de tartarugas mariñas e dúas especies de crocodilos. Alberga uns 700.000 exemplares de especies de aves migratorias. As súas augas son ricas en pesca.

A Coalición "Amigos de Guinea Bissau" acha que a área é atractiva para os promotores porque a ex-colonia portuguesa do oeste de África non asinou a Convención de Basilea, un tratado que regula o transporte transfronteirizo de residuos tóxicos. Para a FEG, estamos perante un intento máis de ubicar unha instalación contaminante ao servizo e en beneficio de empresas de países enrique-

cidos que danará gravemente os recursos naturais e a saúde da poboación dun país empobrecido do Sur.

A Coalición Internacional de Amigos de Guinea-Bissau está formada por Novib (Oxfam Holanda), Greenpeace, Interchurch Organisation for Development Cooperation (ICCO), WWF West African Marine Ecoregion (WAMER), Fondation Internationale du Banc d'Argui (FIBA), Basel Action Network (BAN), Associação para a Cooperação Entre os Povos (ACEP), Sociedade Portuguesa para o Estudo das Aves (SPEA/BirdLife) e a FEG.

Podes manifestar á UNESCO o teu rexeitamento a este proxecto enviando unha mensaxe de correo electrónico desde:

<http://www.greenpeaceweb.org/shipbreak/news41.asp>

Axúdanos a defender a Natureza!

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) é unha organización independente das administracións, de empresas e de partidos políticos. A FEG e as asociacións que a forman desenvolven na nosa terra numerosas actividades en defensa do ambiente e do desenvolvemento sustentábel.

O traballo das organizacións ecoloxistas galegas é útil e necesario. Coa túa axuda conseguiremos máis resultados e poderemos preservar a nosa independencia. Se queres colaborar coa FEG, contacta connosco escribindo ao apartado de correos 949 de Santiago de Compostela ou, por correo electrónico, enviando unha mensaxe a feg@jet.es.

A Federación Ecoloxista está formada polas seguintes asociacións:

ADEGA. Apdo. 501. 15780 Santiago
ADENCO. Apdo.132. 36860 Ponteareas
AEBA. Avda. de Portugal, 51-2º andar. Lobios.
ANIDA. Apdo. 35. 36540 Silleda
APDR. Apdo. 414. Pontevedra
Asemblea do Suído. Travesía de Vigo, 2.
 36872 O Covelo
O Brote. Casa da Xuventude. 32004 Ourense
Cachoeira. Apartado 1664. 36200 Vigo
CEDENAT. Apdo. 512. 27080 Lugo
Cempés. Apdo. 2158. 15080 A Coruña
CES. Apdo. 100. 36980 O Grove
Coto do frade. Apartado 32. 32400 Ribadavia
A Curuxa. IB Xelmírez I. 15706 Santiago
O Galo de Antioquía. Casa Rectoral de San Pedro de Lardo. 32630 Xinzo.

Guerrilleiros das fragas. Apdo. 41.
 15320 As Pontes
Hábitat. Apdo. 805. 15080 A Coruña
Luita Verde. Apdo.155. 36940 Cangas
MEL. A Carballal. Congostro. 32654 Rairiz de Veiga
Néboa. Rúa Muchiqueira, 24. A Mourela.
 15579 Neda
Niño do Azor. Avda. da Habana, 40. Baixo.
 15320 As Pontes
Oureol. Fac. de Bioloxía. 15706 Santiago.
PX. Outeiro, 50. Ponte do Porto. 15121 Camariñas
Sobreira. Apdo. 185. 36500 Lalín
Taina. Casa da Xuventude. 15171 Perillo-Oleiros
XEA. Apdo. 100. 36800 Redondela
XEVALE. Apdo. 35. Chantada.